

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



CASTILLO, E S C U L T O R

Exposición
Museo Centro Gaiás
21 Out 2021–20 Feb 2022

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo
21·22

CASTILLO, ESCULTOR

Exposición

Museo Centro Gaiás, 2º andar

21 de outubro 2021 –
20 de febreiro 2022

De martes a domingo, de 10 a 20h

Entrada de balde

Visitas comentadas de balde, previa
reserva en cidadedacultura.gal

A exposición *Castillo, escultor* mergúllase na arte de Jorge Castillo Casalderrey (Pontevedra, 1933) para pór en valor a obra escultórica deste autor galego de relevancia e traxectoria internacional. Malia ser a súa faceta creativa máis descoñecida, a escultura de Jorge Castillo comparte a grandeza da súa obra pictórica e permítenos afondar no seu proceso artístico. Nela están presentes aspectos basilares no conxunto da obra do artista, como a atención á natureza humana, á metafísica do ser, como obxecto primordial de estudo.

A través da escultura, o creador inventa novas formas coas que explicar o desasosego e neste desenvolvemento mantén un diálogo constante coas outras disciplinas –como a pintura e o debuxo– e vai tecendo unha obra poliédrica que muda canda o autor e que, seguindo coa súa filosofía artística, mantén unha conexión constante co pasado e sérvelle de continuidade.

Os preguiceiros afirman que non se pode investigar o que se sabe nin o que non se sabe. Imposible investigar cando non se sabe que investigar. Nunca saberemos pero podemos imaxinalo. Isto é o que eu fago desde hai xa máis de sesenta anos: imaxinar o que sei e o que ignoro. E aínda así, non se me pode incluír entre os preguiceiros

→

El lobo, 2019
90x122x25 cm
aceiro cortén





→

Mujer reclinada
1985, Nova York
50x100x46,5 cm
Bronce pátina
avermellada; peza
única



↑

Humano, demasiado humano, 1963-2018, Madrid. 39x16x16 cm Arxila e arame; peza única



↑

Encantamiento, 1977, ediciones Poligrafa 128x57,5 cm

En el sol familiar, 2019-2020, Madrid. 24x31x15 cm Arxila e cera; peza única

A través dunha escolma de 120 obras –principalmente esculturas–, a mostra percorre a súa extensa traxectoria, con máis de seis décadas en activo, e as súas diferentes etapas creativas, incluíndo recentes obras de grande formato e arxilas datadas nos últimos cinco anos.

A exposición está comisariada por Pilar Corredoira, historiadora de Arte Contemporánea, comisaria de exposicións, investigadora no eido da arte galego dos séculos XX e XXI e unha das maiores coñecedoras da traxectoria e persoal universo creativo de Jorge Castillo.

PLANO

Percorrido pola exposición

A mostra abrangue pezas de carácter moi distinto en materia, técnica, dimensións e período vital de creación polo que, atendendo a estes parámetros, o deseño propón un percorrido lineal que procura unha ollada desafogada sobre as pezas de grande formato e un diálogo visual e estético entre pintura, escultura e relevos. Os acrílicos, augafortes e cadernos de viaxe entretécense




*El paseo en el
retiro, 2002,
Madrid. 12x26x21
cm. Ferro; peza
única*





Todo comeza así, entre a cadeira e a mesa, o papel e o lapis, as mans e a arxila, o corazón e o aceiro

con grupos de obra escultórica de pequeno formato, o bronce dá paso á arxila e ao arame, e as dúas pezas audiovisuais incluídas na mostra intégranse no percorrido, interpelando ás persoas visitantes para convidalas a achegarse ao universo estético e proceso creativo do Castillo escultor.



1. *El lobo*, 2019
2. *Mujer reclinada*, 1985
3. *Especies en peligro*, 2019-2020
4. *La familia de Maribel*, 1972
5. *El nido*, 2020
6. *Mi cabeza*, 2019
7. *Dibujo para un monumento*, 1998
8. *El pájaro en la mano*, 1957
9. *Yola oyendo el viento*, 2020-2021
10. *Perséfone prisionera de Plutón*, 2019-2020
11. *Homenaje a Nerval*, 1985-2021

BIOGRAFÍA

Jorge Castillo Casalderrey

II

Hai unha lóxica nas estruturas, pero tamén a hai no caos, na destrución, na preguiza. Quizais lóxico éo todo, quizais toda obra de arte, aínda sendo fortuíta, ten un lado teórico pero non revelado ao artista. Mais eu atéñome ao papel, ao lapis, á bóveda do ceo e aos abrazos, ao fenómeno poético e cotián malia que inexorable. Sen máis.

Nace en Pontevedra en 1933, mais pasa a súa infancia

e xuventude na Arxentina. De formación autodidacta, asiste en 1949 ao taller dos artistas arxentinos Raquel Forner e Alfredo Bigatti e realiza nestes anos as súas primeiras obras, pinturas e debuxos. Nos anos 50 compaxina o traballo de deseñador na industria metalúrxica coa súa faceta artística e axiña entra en contacto coa intelectualidade galega en Bos Aires e con autores como Laxeiro, Colmeiro ou Seoane. A medianos desa década iniciou un periplo europeo que o levaría a residir ou expor en cidades como Madrid, Zaragoza, Barcelona, París, Xenebra ou Berlín, e estendeu o seu traballo aos campos da escultura e o gravado. Tamén conecta con importantes personalidades da

arte como Juana Mordó e Marienza Binetti.

A selección da súa obra para a Bienal de São Paulo en 1960 abre unha década na que consolida a súa proxección internacional e en 1980 instálase en Nova York, facéndose un oco na escena estadounidense da arte contemporánea: a Galería Marlborough de Manhattan comeza a representalo e o Guggenheim Museum adquire parte da súa obra.

A día de hoxe, tras seis décadas en activo, a súa obra forma parte de importantes coleccións de arte de diferentes lugares do mundo, como o Carnegie Institute, o San Francisco Museum of Modern Art, o Albertina Museum, a Fundación Juan March, o Museo de Belas Artes de Vitoria ou a Nationalgalerie de Berlín.



CASTILLO, ESCULTOR

Exposición

Museo Centro Gaiás, 2º andar

21 de outubro 2021 –
20 de febreiro 2022

Entrada de balde

Visitas comentadas de
balde, previa reserva en
cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
21-22